

EXTRAMUNDI

EXTRAMUNDI concíbese como un espazo orientado á construción de sociedades máis equitativas; unha plataforma interprofesional que facilite proxectos de VIDA PROPIA ás persoas con diversidade funcional desde un enfoque de dereitos.

Acadar dita misión requirirá impulsar procesos que favorezan:

- | A construción de sociedades para a diversidade.
- | A adaptación dos espazos/cidade. Hábitat diverso.
- | A prevención da discriminación.
- | O apoio nos proxectos de vida propia de persoas con diversidade funcional.

VIDA PROPIA

Servizo de apoio integral para mellorar a calidade de vida da persoa con diversidade funcional.

O equipo profesional de Extramundi, baseándose no Paradigma da Diversidade e a metodoloxía de Planificación Centrada na Persoa (PCP), propón para esta liña a análise, deseño, desenvolvemento e valoración, de maneira consensuada, das estratexias de apoio das oito dimensións ligadas á calidade de vida dunha persoa: "benestar emocional, relacións interpersoais, benestar material, desenvolvemento persoal, benestar físico, autodeterminación, inclusión social e dereitos" (Shalock e Verdugo).

	socio/a	non socio/a
SERVIZOS DE ASISTENCIA PERSOAL de día	15 € / h.	18
SERVIZOS DE ASISTENCIA PERSOAL de noite nunha quenda de 8 horas de duración	60 € / noite	80
PLANIFICACIÓN CENTRADA NA PERSOA (PCP)	18 € / h.	20

COÑECE MUNDO*

Liña de acción dirixida a facilitar o acceso dos clientes/as a un servizo de lecer personalizado onde se propicie o establecemento de redes e relacións interpersoais significativas. Extramundi propoñerá actividades con carácter cultural e social baseadas nas expectativas e desexos dos/das nosos/as usuarios/as.

* As actividades culturais e de lecer (teatro, museos, cinema...etc) ás que se propoña asistir no servizo de ocio e turismo serán abonadas á parte. A tarifa inclúe: organización, profesionais de apoio, desprazamento, manutención, hospedaxe e seguros.

* Os/as clientes/as deberán asumir os gastos de transporte, hospedaxe e manutención do profesional, podendo ser compartidos estes últimos por un grupo de persoas. Esta posibilidade non se adopta no relativo ao servizo de acompañamento e apoio, onde o prezo só diminúe nun 20 % en caso de tratarse dun grupo (máximo 4 persoas). Aos socios/as ofreceráselle que Extramundi asuma a planificación e xestión da viaxe.

	socio/a	non socio/a
SAÍDAS de OCIO pola semana 4 horas de actividades socioculturais	25 € / activ.	30
SAÍDAS de OCIO nas fins de semana 4 horas de actividades socioculturais	30 € / activ.	40
SAÍDAS de OCIO personalizadas cun mínimo de 2 horas de contratación	15 € / h.	18
TURISMO FIN DE SEMANA. Viaxes en base aos desexos dos/as usuarios/as (Sábado - Domingo)	120 € / activ.	150
APOIOS nas VACACIÓNS Este servizo só inclúe acompañamento	80 € / día	90

e-INCLUSIÓN

Liña de actuación dirixida a mellorar a autodeterminación e o desenvolvemento persoal dos/as nosos/as clientes/as a través do uso de Tecnoloxías da Información e Comunicación (TICs).

Extramundi impulsará un servizo de asistencia personalizada e/ou grupal que garanta o acceso e uso das TICs e diminúa a fenda dixital presente neste colectivo.

	socio/a	non socio/a
TICs e autodeterminación: sesións grupais de 2.30 h. de duración a desenvolver na rede de centros socioculturais dos concellos	30 € / activ.	40
TICs e autodeterminación a domicilio: sesións personalizadas de mínimo 2 h.	18 € / h.	20
COMUNICACIÓN e HABILIDADES SOCIAIS: sesións grupais de 2.30 h. de duración a desenvolver na rede de centros socioculturais dos concellos	22 € / activ.	30
COMUNICACIÓN e HABILIDADES SOCIAIS a domicilio: sesións personalizadas de mínimo 2 h.	18 € / h.	20
DIAGNOSE social e funcional	80 € / sesión	100

NORMALIZAR A DIVERSIDADE: DIVERSIFICAR O NORMAL

Nesta liña Extramundi incidirá no impulso de accións que favorezan a construción dunha cultura da diversidade, ademais de facilitar procesos que contribúan a garantir contornos plurais máis humanos e accesibles.

* A tarifa de socio/a é de 12 Euros ao mes.

* Os festivos terán unha recarga de 2 Euros hora excepto para socios/as.

Senra nº 6, 15702 Santiago de Compostela, A Coruña
+34 629 644 196 | www.extramundi.org | info@extramundi.org

